Rematado o prazo de presentación de solicitudes ditarase resolución pola que se declarará aprobada a lista provisional de admitidos e excluídos, con indicación das causas de exclusión, así como o prazo para subsanación que será de 10 días, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro.

A corrección de erros, poderase enmendar de oficio ou a instancia de parte segundo a vixente Lei de Procedemento Administrativo común.

Dita resolución será publicada no Boletín Oficial da Provincia así como no Taboleiro de anuncios do Concello. Quen non presente a solicitude de subsanación ou reclamación no indicado prazo decaerá no seu dereito sendo excluído definitivamente da lista de aspirantes.

Rematado o prazo ditarase resolución pola que se aproba a lista definitiva, resoltas as reclamacións que no seu caso se produzan, e indicárase igualmente o lugar e data de comezo do 1º exercicio e orde de actuación dos aspirantes así como a composición do Tribunal, publicándose estes anuncios e calquera outro anuncio sucesivo en relación a este proceso selectivo no taboleiro de anuncios do Concello e web municipal.

Se en calquera momento posterior á aprobación da lista definitiva, incluso durante a celebración das probas se advertise nas solicitudes inexactitude ou falsidade que fora causa de exclusión ésta considerarase defecto insubsanable e resolverá dita exclusión.

Dende a terminación dunha proba e ata o comezo da seguinte deberá transcurrir un prazo mínimo de 48 horas e un máximo de 40 días.

## **10.- DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO.-**

### **A) Fase de oposición:**

Serán tres exercicios de carácter obrigatorio e eliminatorio:

**Primeiro exercicio:** Consistirá na contestación, por escrito, de forma lexible, durante un prazo máximo de 60 minutos, a 5 preguntas, propostas polo tribunal, relacionadas coas materias do programa que figura no anexo. (Parte xeral e específica)

Neste exercicio, que será corrixido directamente polo tribunal, valorarase a capacidade e formación xeral, a claridade de ideas, a precisión e rigor na exposición e a calidade de expresión escrita.

**Segundo exercicio:** Consistirá en expoñer por escrito durante un tempo máximo de 2 horas dous temas, de entre catro que serán extraídos ao chou, entre os comprendidos no programa da parte específica do temario anexo.

Neste exercicio valorarase o volume e comprensión dos coñecementos, a claridade de ideas a capacidade e formación xeral, así como a precisión e rigor na exposición e a calidade de expresión escrita.

**Terceiro exercicio:** Consistirá na resolución dun ou varios supostos prácticos que o tribunal determine, durante un prazo máximo de 2 horas e que estarán relacionados coas materias do programa que figura no anexo.

Neste exercicio, que será corrixido directamente polo tribunal, valorarase a capacidade de análise e a aplicación razoada dos coñecementos teóricos á resolución dos problemas prácticos expostos.

**Cuarto exercicio.-** De carácter obrigatorio e eliminatorio consistirá na traducción directa do castelán ao galego dun texto proposto polo órgano de selección inmediatamente antes de celebrarse o primer exercicio, nun tempo máximo de 10 minutos, e sen axuda de diccionario. Cualificarase como APTO ou NON APTO.

Quedarán exentos de celebrar este exercicio aqueles aspirantes que aporten antes da súa celebración título oficial de coñecemento do idioma galego **Celga 4 ou equivalente**, debidamente homologado, correspondente ao nivel de estudos esixidos para participar nas probas selectivas, segundo a Orde de 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, modificada pola Orde do 10 de febreiro de 2014.

**Cualificación final:** A cualificación de cada aspirante nos diferentes exercicios do proceso selectivo será o resultado da media aritmética das puntuacións outorgadas por todos os membros do Tribunal ou a determinada de común acordo polo conxunto dos seus membros.

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións nos diferentes exercicios da oposición mais os da fase de concurso.

### **B) Fase de concurso:**

Cualificarase esta fase de acordo cos méritos aportados polos aspirantes e segundo se especifica no **ANEXO II** destas Bases e **sen que a cualificación poida exceder de 4 puntos na súa totalidade.**

Esta fase non ten carácter eliminatorio nin se terá en conta para superar as probas da fase de oposición.

Esta fase cualificarase con posterioridade á celebración da fase de oposición para aqueles que superasen os tres exercicios.

**Cualificación final:** A cualificación de cada aspirante nos diferentes exercicios do proceso selectivo será o resultado da media aritmética das puntuacións outorgadas por todos os membros do Tribunal ou a determinada de común acordo polo conxunto dos seus membros.

A puntuación total do proceso selectivo será a suma das cualificacións da fase de concurso e dos dous exercicios da fase de oposición.

## **11. TRIBUNAL CUALIFICADOR.**

Estará constituído polas seguintes persoas:

### **Presidente:**

Titular e suplente correspondente. Un funcionario de categoría ou escala igual ou superior á praza que se convoca, designado pola Alcaldía-Presidencia.

**Vogais:** 3 funcionarios de categoría ou subescala igual ou superior ao posto que se convoca e os seus suplentes correspondentes.

**Secretario:** O Secretario Xeral do Concello de Ribadeo e como suplente do mesmo un funcionario do Concello con categoría igual ou superior ao posto que se convoca. Actuará con voz e sen voto.

O Tribunal queda autorizado para resolver-las dúbidas que se presenten no non previsto nestas bases e para tomar os acordos necesarios para a boa orde das probas.

Aplicarase igualmente a lexislación básica do Estado sobre Función Pública e o R.D. 896/1991 polo que se establecen as regras e programas mínimos a que debe axustarse o procedemento de selección de persoal funcionario de Administración Local. No non previsto nelas, a regulamentación para o ingreso na Función Pública da Comunidade Autónoma de Galicia e supletoriamente, o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración do Estado.

#### **12.- RELACIÓN DE APROBADOS.-**

Unha vez rematada a cualificación das persoas aspirantes o Tribunal publicará por orde de puntuación a relación de aprobados e elevará dita relación ao órgano competente do Concello aos efectos da tramitación do correspondente nomeamento/sinatura de contrato laboral.

O Tribunal cualificador non poderá propoñer o acceso á condición de empregado público a un número superior de aprobados ao de postos ou prazas convocadas.

#### **13.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.**

A persoa proposta aportará, dentro do prazo de vinte días naturais contados a partir da publicación da lista de aprobados, os seguintes documentos:

- 1.- Fotocopia (que deberá presentarse co orixinal para compulsar) do seu Documento Nacional de Identidade ou documento que o substitúa.
- 2.- Copia autenticada ou fotocopia (que deberá presentarse co seu orixinal para compulsar) do título ou no seu caso, diploma en base ao cal se procedeu á súa admisión ou xustificante de ter cumprilo requisitos para a expedición do mesmo.
- 3.- Certificado acreditativo de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas habituais do posto ao que aspira. No supostos de persoas con discapacidade observarase tamén o que establece o apartado da Base duodécima.
- 4.- Declaración responsable de non ter sido separado do servizo do Estado, das Comunidades Autónomas ou das Entidades Locais mediante expediente disciplinario nin e atopar inhabilitado para o exercicio das funcións públicas por sentenza firme.
- 5.- Declaración responsable de non se atopar incurso en ningún dos supostos de incapacidade específica conforme á normativa vixente.
- 6.- Declaración responsable de non incurrir en ningún dos supostos de incompatibilidade do persoal ao servizo das Administracións Públicas segundo a Lei 53/1984, de 26 de decembro e normativa de desenvolvemento da mesma.
- 7.- Fotocopia da tarxeta da Seguridade Social (para o caso de haber estado de alta na mesma).
- 8.- Número de conta bancaria.

O aspirante cun grao de minusvalía igual ou superior ao 33% que supere a oposición deberá ademais acreditar tal condición mediante certificación dos órganos competentes así como a compatibilidade co desempeño das tarefas do posto.

Para o suposto de que tivera a condición de funcionario ou empregado público, estará exento de xustificar documentalmente as condicións e requisitos xa demostrados para obter o seu anterior nomeamento debendo presentar certificación do Ministerio ou Organismo de que dependa, acreditando a súa condición e demais circunstancias que consten no seu expediente persoal ou folla de servizos.

#### **14. NOMEAMENTO E TOMA DE POSESIÓN.-**

Quen no prazo indicado non presente a documentación indicada (salvo casos de forza maior), non poderá ser nomeado quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que poida incorrer por falsidade na instancia solicitando tomar parte no proceso selectivo.

O aspirante nomeado deberá tomar posesión/asinar contrato laboral no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ao que lle sexa notificado o nomeamento, quedando en situación de cesante cando, sen causa xustificada, non o fixese dentro do prazo sinalado.

O nomeamento será publicado no BOP de Lugo.

#### **15.-LEXISLACIÓN DE APLICACIÓN.-**

O RDL 5/2015, de 5 de outubro de aprobación do TR da Lei do Estatuto básico do empregado público.

A Lei 2/2015, de 29 de abril de Emprego Público de Galicia.

Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do réxime local.

R.D. Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, que aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local.



Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia.

Decreto 95/1991, do 20 de marzo, da Comunidade autónoma de Galicia pola que se aproba o

Regulamento de selección de persoal e Real decreto 364/1995, do 10 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Xeral de ingreso do persoal ao servizo da Administración do Estado.

Real decreto 896/1991, do 7 de xuño, que aproba as regras básicas e programas mínimos a que se debe axustar o procedemento de selección dos funcionarios da administración local.

Lei 2/2015, de 29 de abril do Emprego Público de Galicia.

Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo Común das AA.PP.

Lei 40/2015, de 1 de outubro do Réxime Xurídico do Sector Público.

## **16.- FORMACIÓN DE BOLSA DE TRABAJO.**

Rematado o proceso selectivo a Alcaldía-Presidencia poderá aprobar unha listaxe de agarda con aquelas persoas presentadas ao proceso, e ordenada de maior a menor puntuación no sumatorio total, que non obtiveran praza.

## **17.- INCIDENCIAS**

As presentes bases e convocatoria poderán ser impugnadas de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Contra a convocatoria e as súas bases, que esgotan a vía administrativa, poderase interpor polo interesados recurso de reposición no prazo dun mes ante a Alcaldía, previo ao contencioso-administrativo no prazo de dous meses ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo ou, á súa elección, o que corresponda ao seu domicilio, a partir do día seguinte ao de publicación do seu anuncio no Boletín correspondente (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

No non previsto nas bases, será de aplicación a Lei 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público aprobado por Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro; a Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local aprobado por Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril; e o Regulamento Xeral de Ingreso do Persoal ao Servizo da Administración Xeral do Estado e de Provisión de Postos de Traxallo e Promoción Profesional dos Funcionarios Cívís da Administración Xeral do Estado aprobado por Real Decreto 364/1995, de 10 de marzo, con carácter supletorio.

## **ANEXO I**

### **A) FASE DE OPOSICION**

#### **TEMARIO.-**

##### **Temario**

##### **A. Parte Xeral:**

1. A Constitución española de 1978. O Título preliminar. Os dereitos fundamentais e a súa garantía e suspensión.
2. O Estatuto de Autonomía de Galicia. Título preliminar. As competencias da Comunidade Autónoma de Galicia no Estatuto de Autonomía: exclusivas, concorrentes e de execución da lexislación do Estado.
3. O goberno da Comunidade Autónoma de Galicia. A Xunta, natureza e composición, atribucións e funcionamento.
4. A Lei 40/2015, de 1 de outubro de Réxime xurídico do Sector Público: Ámbito de aplicación e principios xerais. Os órganos administrativos: competencia, abstención e recusación
5. Os actos administrativos: requisitos, eficacia, nulidade e anulabilidade
6. A revisión dos actos administrativos. Revisión de oficio. Os recursos administrativos: principios xerais. O recurso de alzada. O recurso potestativo de reposición. O recurso extraordinario de revisión
7. Disposicións sobre procedemento administrativo común: garantías do procedemento, iniciación, ordenación, instrución e finalización. Tramitación simplificada do procedemento administrativo común. Execución.
8. Disposicións comúns ás entidades locais: réxime de funcionamento, información e participación cidadá.
9. Disposicións comúns ás entidades locais: o estatuto dos membros das corporacións locais.
10. O municipio: concepto e elementos. Territorio e poboación. Organización. Competencias. Réximes especiais.

11. Os bens das Entidades locais. Concepto e clasificación. O patrimonio das entidades locais.
12. A provincia. Organización provincial. Competencias.
13. O persoal ao servizo das entidades locais: dereitos e deberes. Réxime disciplinario. Situacións administrativas. Incompatibilidades.
14. O persoal ao servizo das entidades locais. Adquisición e perda da condición de funcionario. Selección e provisión de postos de traballo.
15. O municipio de Ribadeo. Poboación e termo municipal. Pleno, alcalde e xunta de goberno.

#### **B. Parte Específica**

16. A lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas: título III, título IV capítulo I e capítulo IV e o título V.
17. A lei 4/2019, do 17 de xullo, da administración dixital de Galicia: título preliminar, título I, capítulo I.
18. A lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público: título preliminar, capítulos III e IV.
19. A lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico: título preliminar, título I.
20. A lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: título III, título VI capítulos III e IV.
21. A Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia. Título VIII.
22. A lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais: título I, título II, título III e título VIII.
23. A lei 7/2023, do 30 de novembro, para a igualdade efectiva de mulleres e homes de Galicia: título preliminar, título I, título II: capítulos I, II, III, IV, V e XI.
- 24.- Título I da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.
25. Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social: título preliminar e título I.
26. Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno: título preliminar e título I.
27. O/a educador/a social. Concepto, historia e perfil profesional.
28. Código deontolóxico do/da educador/a social. Funcións e competencias.
29. A acción socioeducativa. A relación educativa e o suxeito da intervención socioeducativa.
30. Concepto e factores influentes. Técnicas de intervención socioeducativa. A entrevista.
31. Deseño, implementación e avaliación de programas e proxectos educativos: definición, elementos, xestión e estratexias.
32. O informe socioeducativo como ferramenta profesional do/da educador/a social. Características e estrutura xeral.
33. O equipo educativo. Concepto, características, toma de decisións.
34. O/a menor como suxeito de dereitos: concepto e evolución histórica. Lexislación actual.
35. Evolución psicolóxica na infancia e adolescencia: estadios e características.
36. Socialización e desenvolvemento na infancia e na adolescencia.
37. A intervención socioeducativa con menores con necesidades educativas especiais.
38. Menores en situación de risco e desamparo. Recursos e servizos do sistema de protección de menores.
39. A coordinación entre os distintos servizos: saúde, educación, servizos sociais comunitarios. A coordinación con entidades do terceiro sector.
40. O apoio e a vinculación afectiva. Concepto, desenvolvemento, consecuencias e pautas educativas.
41. Malos tratos infantís: intervención socioeducativa con menores en situación de abuso e descoido. Protocolos de actuación.
42. Intervención socioeducativa en menores en situación de conflito social. Novas formas de violencia na infancia e na adolescencia: violencia filio parental, acoso escolar, violencia grupal.
43. Intervención socioeducativa en adicións na infancia e adolescencia: adicións con e sen substancias.
44. Acollemento familiar. Intervención socioeducativa.

45. Acollemento residencial. Intervención socioeducativa.
46. Funcións e obxectivos do acollemento residencial. Elaboración e seguimento do proxecto educativo individual (PEI).
47. Interculturalidad. Intervención socioeducativa na diversidade cultural. Servizos e recursos.
48. A calidade de vida das persoas maiores. A intervención socioeducativa con persoas maiores: a atención centrada na persoa. Programas, proxectos e servizos.
49. Diversidade funcional: conceptualización e características. Intervención socioeducativa. Inclusión educativa e social. Habilidades de interacción social en persoas con síndrome de Down e autismo. Pautas xerais para a elaboración de programas específicos.
50. Diversidade funcional: os paradigmas de calidade de vida e apoios. Recursos sociais e comunitarios. Elaboración e execución do proxecto socioeducativo individualizado e documentos para o desenvolvemento de programas.
51. Plan individualizado de vida independente (PIVI). Plan de atención individualizado (PAI).
52. O grupo: concepto e tipoloxías. Conceptos de liderado, estrutura e características. Condución e animación de grupos. Resolución de conflitos. A mediación como recurso.
53. Animación sociocultural. Estratexias de intervención comunitaria e habilidades sociais.
54. O enfoque de xénero na intervención socioeducativa. Ferramentas de análises de xénero. Identidades de xénero. Roles de xénero. Desigualdades de xénero. Violencia machista. Estratexias de acción, o empoderamento.
55. Educación permanente de persoas adultas. Papel da educación de persoas adultas na dinámica social. Canles da educación de persoas adultas, canles de educación institucionalizada.
56. Os centros de atención para persoas con discapacidade psíquica. Finalidade, composición, funcións, normativa reguladora e dependencia administrativa.
57. A calidade de vida das persoas con discapacidade intelectual. A autodeterminación e o desenvolvemento da autonomía e a responsabilidade. O desenvolvemento afectivo-sexual-emocional das persoas con discapacidade intelectual. Pautas xerais para a educación afectivo-sexual-emocional. A intervención coas familias.
58. O desenvolvemento das habilidades de interacción social nas persoas con discapacidade intelectual en centros educativos e no contorna socio-comunitaria. Aprendizaxe para a xestión do lecer e do tempo libre nestas persoas. Pautas xerais para a elaboración de programas específicos.
59. Atención temperá en Galicia: protocolos de actuación. Intervención. Persoas maiores e diversidade funcional. Acoso escolar: protocolos e intervención. Absentismo escolar: protocolos e intervención.
60. Servizos sociais comunitarios: servizo de educación e apoio familiar. Marco legal. Definición e obxectivos. Medidas xudiciais con menores: servizos. Programas. Intervención socioeducativa.

## **ANEXO II**

### **Criterios específicos:**

#### **A. Formación continua:**

- Estar en posesión de cursos formativos homologados directamente relacionados co posto de traballo ao que se pretende acceder, impartidos por AA.PP. ou organismos dependentes das mesmas. **Ata un máximo de 2,00 puntos segundo o baremo seguinte:**
- Por cada curso de duración inferior a 10 horas lectivas ..... 0,02 pts/curso
- Por cada curso de duración de 11 a 50 horas lectivas ..... 0,10 pts/curso
- Por cada curso de duración de 51 a 100 horas lectivas ..... 0,20 pts/curso
- Por cada curso de duración de 101 a 455 horas lectivas ..... 0,50 pts/curso
- Por cada curso de duración de 456 a 750 horas lectivas ..... 1,00 pts/curso
- Por cada curso de duración de mais de 750 horas lectivas ..... 1,50 pts/curso.

***Inclúranse no apartado de cursos de duración inferior a 10 horas lectivas a razón de 0,02 puntos curso, aqueles que non especifiquen o número de horas nos correspondentes certificados.***

#### **B. Experiencia profesional:**

**Puntuarase ata un máximo de 2,00 puntos, consonte a seguinte escala:**

– Experiencia acreditada polo desenvolvemento de traballos relacionados cos do posto que se convoca realizados en calquera Administración Pública (0,10 puntos/mes no posto de técnico e o 0,05 puntos/mes no posto de auxiliar de servizo, ata un máximo de 1,50 puntos), non se computarán servizos inferiores a un mes.

A experiencia laboral deberá acreditarse mediante contratos de traballo ou certificacións oficiais nos que quede acreditado a súa duración, así como a categoría laboral e funcións desenvolvidas para o que foi contratado/a.

En todo caso será necesario a presentación do certificado de “Vida Laboral” expedido pola Seguridade Social actualizado.

Ribadeo, 27 de xaneiro de 2025.- O Alcalde, Daniel Vega Pérez.

R. 0442

## RIBEIRA DE PIQUÍN

### Anuncio

En cumprimento do artigo 70.2 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, faise público que, de acordo co artigo citado e co artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, en sesión ordinaria celebrada en data 28 de xaneiro de 2025, aprobouse a Oferta de Emprego Público do Concello de Ribeira de Piquín (Lugo) para o ano 2025, que comprende as prazas de funcionario/a de carreira (Administrativo/a) e persoal laboral (operario/a de servizos- fontaneiro/a e electricista) dotadas no Orzamento da Corporación, co seguinte detalle:

#### PERSOAL FUNCIONARIO:

Núm. vacantes	Denominación	Escala/Subescala	Grupo	Tipo de persoal
1	Administrativo/a	Administración Xeral/ Administrativa	C1	Funcionario/a de Carreira

#### PERSOAL LABORAL:

Núm. vacantes	Denominación	Tipo de persoal
1	Operario/a de servizos (Fontaneiro/a)	Persoal laboral fixo
1	Operario/a de servizos (Electricista)	Persoal laboral fixo

Ribeira de Piquín, 11 de febreiro de 2025.- O Alcalde-Presidente, D. Roberto Fernández Rico.

R. 0443

## SOBER

### Anuncio

PROCESO SELECTIVO PARA A CONTRATACIÓN LABORAL TEMPORAL DE DURACIÓN DETERMINADA POR CIRCUNSTANCIAS DA PRODUCCIÓN DUN POSTO DE TRABALLO DENTRO DO PLAN DEPUTACIÓN DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2025 (B.3.-PROGRAMA REFORZO DO EMPREGO), CONTRATACIÓN ANTICIPADA, E DACORDO COA SEGUINTE RELACIÓN:

1 POSTO DE MONITOR-A MULTIDISCIPLINAR DEPORTES, 6 MESES, 50 % DE XORNADA, COA TITULACIÓN DE TÉCNICO-A SUPERIOR EN ACTIVIDADES FÍSICAS E DEPORTIVAS OU EQUIVALENTE.

O Alcalde do concello de Sober, por Decreto de 14/02/2025, resolveu convocar o proceso selectivo para a selección de un traballador-a laboral temporal por circunstancias da produción, procedente da situación de desemprego no marco do Plan Deputación de Cooperación con Concellos 2025 (B.3.-Programa de Reforzo do Emprego), abríndose o prazo de presentación de instancias, que será de CINCO (5) DÍAS HÁBILES a contar desde o día seguinte á publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

No taboleiro de anuncios da Casa do Concello de Sober e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Sober (<https://concellodesober.sedelectronica.gal/info.0>), aparecen integramente publicadas as bases que han de rexer a convocatoria do proceso selectivo de referencia.

Así mesmo, os sucesivos anuncios desta convocatoria, cando procedan de conformidade coas bases, publicaranse no taboleiro de anuncios da Casa do concello de Sober e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do concello de Sober (<https://concellodesober.sedelectronica.gal/info.0>).

Contra a convocatoria e as bases reguladoras, que poñen fin á vía administrativa, pódese interpoñer alternativamente ou recurso de reposición potestativo, no prazo dun mes para contar desde o día seguinte á publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, ante o Alcalde deste Concello, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou recurso contencioso-administrativo, perante o xulgado do Contencioso Administrativo con sede en Lugo, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte á precitada publicación do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, de conformidade co artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de Xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa, Se se optase por interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolvido expresamente ou se produciu a súa desestimación por silencio. Todo iso sen prexuízo de que se poida exercer calquera outro recurso que se estime pertinente.

Sober, 14 de febreiro de 2025.- O Alcalde, Luis Fernández Guitián.

R. 0444

## FUNDACIÓN TERREO

### *Anuncio*

En cumprimento do artigo 70.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, faise público que, de acordo co artigo citado e co artigo 91 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, por Resolución de Presidencia núm. 2025/008, de data 28 de xaneiro de 2025, se aprobou a Oferta de Emprego Público da Fundación Municipal “TerrEo” para o ano 2025, que comprende as seguintes prazas:

#### PERSOAL FIXO

Núm. vacantes	Denominación	Tipo de persoal
1	Técnico de proxectos	Persoal fixo
2	Oficial de primeira acuicultura	Persoal fixo
2	Operario de servizos	Persoal fixo

Ribeira de Piquín, 11 de febreiro de 2025.- O Presidente, D. Roberto Fernández Rico.

R. 0445